

Non sei se todos e todas, en NEG, estades informados do conflito que se ten producido en varios Institutos de Vigo. Como eu mesmo non souben del ata que a polémica saltou a un foro de internet de profesorado de filosofía, supoño que probablemente a maioría da xente descoñece o asunto que, segundo creo, permanece circunscrito polo momento á área de Vigo. Polo tanto, presupoñendo esa falta de información, cando menos nunha parte importante de NEG, paso a dar os datos do conflito tal e como eu entendo (a partir das informacións que me foron chegando) que se teñen producido.

O punto de partida tería sido unha iniciativa da Mesa da Normalización. Cansos de que o decreto de aplicación da Lei de Normalización Lingüística fose en boa medida papel mollado no que atinxe á obrigatoriedade de impartir unha serie de materias integramente en lingua galega, ao parecer tomouse a decisión de advertir aos corpos de inspectores (supoño que a través dunha carta enviada á Consellería ou ás delegacións, este punto descoñézoo) que se persistían na actitude de non vixiar o cumprimento do decreto, actuarían legalmente contra eles (supoño tamén que mediante unha denuncia, non sei diante de que instancias).

Pois ben, como reacción diante desta advertencia, determinado inspector (ou inspectores, aínda que a min só me consta o nome dun) decidiu proceder a enviar cartas de apertura de incoación de expediente por incumprimento dunha obriga legal a certo número de profesores e profesoras de institutos de Vigo e comarca. As cartas son particularmente imperativas: advirten de que, se non corrixe a falta que se lles atribúe en quince días (o prazo cumpriuse o pasado venres día 29), se lles aplicará as medidas sancionadoras correspondentes. Unha das profesoras afectadas, unha vez consultado un avogado, soubo que a sanción que lle podería corresponder sería, como mínimo, suspensión de emprego e soldo por un período, ou ben (e, ao parecer, máis probable) suspensión de emprego e soldo e perda de praza, o que equivalería a traslado forzoso.

Como reacción a estas aperturas de expediente (porque, segundo me din, as cartas en si mesmas implican xa unha dilixencia expedientadora, que constará no expediente do profesorado afectado, aínda que non debeñan en sancións), tense producido un movemento amplo de solidariedade cos afectados e afectadas que, en moitos casos, ten derivado nunha defensa do dereito do profesorado a impartir as clases no idioma que libremente elixan, é dicir, nun aberto rexeite da Lei de Normalización Lingüística, segundo as actuais previsións normativas de aplicación.

Foi neste punto cando eu tiven coñecemento do conflito: cando, a través do foro citado ao comezo, un dos participantes solicitou apoio ás persoas advertidas de sanción, solicitude que, tal como era formulada, implicaba unha clara chamada a rexeitar a aplicación da normativa legal baixo o suposto de que esta normativa supuña un atentado contra un dereito individual irrenunciable: o dereito a impartir clases indistintamente en castelán ou galego. A polémica que se abriu no foro axiña radicalizouse e tornouse violenta pola intervención dun participante que comezou a despachar acusacións de “fascistas” e “racistas” a cantos defendían a solidariedade cos afectados, que por certo eran todos os participantes agás el e mais eu.

Eu tratei de levar o debate a outro punto: que a liberdade individual a falar o idioma que a un lle pete non podía incluír a liberdade dos funcionarios de ensino (como os restantes funcionarios, por certo) a dar as súas clases á marxe das obrigas impostas por unha normativa legal, ao tempo que reivindicaba non só a lexitimidade, senón a transcendencia das normas previstas en aplicación da LdNL para a defensa do noso idioma, e mesmo a insuficiencia das mesmas se tomamos en conta o retroceso que, segundo moitos estudos, se segue a producir. En razón de todos estes argumentos –que, desde logo, en ningún caso incluían ningún tipo de descualificación dos que non pensaban coma min- manifestaba que non podía solidarizarme coas persoas ameazadas

de sanción por se negaren a impartir as clases en galego, tal e como a normativa lles esixía.

Cando eu interviña así, nin coñecía a identidade das persoas afectadas nin a natureza das posibles sancións. Desconcertábame a virulencia de certas intervencións de algunhas persoas que, se ben nunca se tiñan manifestado como activistas a prol do galego, tampouco non tiñan adoptado posicións belixerantes en contra. Agora si parecían dar este paso, apoiándose na violencia verbal do repartidor de alcumes de “fascistas” e “racistas”, dando a entender que boa parte dos defensores do galego participaban desas actitudes intolerantes, e acusando á Mesa de Normalización e aos Equipos de Normalización Lingüística dos centros afectados, de estaren actuando como unha auténtica “Xestapo lingüística”.

Pronto puideron saber por algún compañeiro que nalgúns centros se estaban a producir situacións ben desagradables como, p. ex., que a minoría de profesores que se negaba a asinar algunha das cartas de solidariedade e petición de retirada de sancións (ao parecer hai máis de unha carta circulando) por considerar que, dada a súa redacción, se estaba a negar o dereito da administración a regular o uso do galego por parte do profesorado, estaba a sufrir un auténtico illamento por parte da maioría.

Pero tamén recibín información desde a outra parte cando me deron a coñecer o nome de algunhas das persoas afectadas, unha delas moi boa amiga miña. Esta persoa, así como outra docente tamén afectada, as dúas de orixe non galega, aínda que instaladas en Galicia desde hai ben anos, téñense destacado, mesmo en tempos en que non se contemplaba legalmente o uso do galego e facelo podía estar penalizado, por apoiar o noso idioma e desenvolver actividades co alumnado con materiais en galego. Na actualidade, ambas as dúas usan libros de texto en lingua galega e procuran traballar todo en galego, aínda que recoñecen que non se senten cómodas falándoo e por esa razón non o falan. Dáse a circunstancia de que mesmo unha delas chegou a asinar a conformidade con dar as clases en galego pero, non se sabe moi ben en razón de que sospeita, o inspector visitouna na clase para comprobar que o facía.

En fin, que a profesora afectada coa que falei me presenta un panorama inverso ao que antes describín en relación cos centros (probablemente os máis en Vigo) nos que o profesorado mobilizado en contra das sancións e a favor do “libre uso do idioma” é maioritario: que se sentiu illada e acosada por parte da maioría do profesorado, que lle negou todo apoio aínda sendo sabedores das súas contribucións dentro do centro a favor do galego (entre outras cousas, dirixe a revista, que se redacta integramente en galego). Paréceme que con estas notas hai abondo para se facer unha idea da “guerra idiomática” que agora mesmo está aberta en Vigo. Creo que sería importante que Nova Escola Galega se pronunciase, procurando derivar o conflito a vieiros de racionalidade que, para min (e con isto inicio xa a miña contribución ao previo debate que debería orientar a posición final a adoptar), pasarían polos seguintes puntos:

1. Crítica da desidia da administración como directa culpable do conflito: non é aceptable pasar nove anos sen facer absolutamente nada para garantir o cumprimento dunha normativa legal, e logo irromper pretendendo conseguir que a normativa se cumpra só por vía coactiva.
2. Reclamar, en consecuencia, que se adopte, como primeiro paso, medidas de apoio ao profesorado que presente dificultades para se incorporar ao uso do galego en clase, e non sancións.
3. Defender a necesidade e lexitimidade de que desde a administración educativa se adopten medidas encamiñadas a apoiar o uso do noso idioma fronte á consideración do uso do idioma dentro do ensino como un suposto (e insostible) dereito individual do propio profesorado.

Pola miña parte, remato dicindo que, non sen certas contradicións, acabei asinando unha carta de solidariedade co profesorado afectado, redactada polo compañeiro de NEG Luís Otero. Digo non sen certas contradicións, porque na carta se introduce unha xustificación que a min non me parece procedente: a de que a conciencia particular dun profesor ou profesora de “sentirse máis competente en castelán” pode ser xustificación suficiente para non dar as clases en galego. Pero a carta xa estaba en circulación e, visto o alporizamento que se estaba a acadar, me pareceu que, sen renunciar a expor os meus puntos de vista discrepantes, cousa que sigo a facer no foro ao que antes fixen referencia, era preciso tamén amosar a solidariedade cos afectados, en tanto que efectivamente, dadas as circunstancias que concorren no proceso, eran tan vítimas da administración como o vén sendo o alumnado galego falante que, por certo, neste debate adoita ser o esquecido, esquecemento ao que -cómpre aceptalo- contribúe o feito de que, efectivamente, probablemente é minoritario nunha boa parte dos centros de ensino de Vigo (o que, para min, naturalmente, constitúe unha razón máis a favor da premente necesidade de aplicar medidas a prol do galego, aínda que –e isto temos que telo en conta- tamén pode actuar como atranco para que certo profesorado, especialmente de orixe non galega, como é o caso de varios dos profesores afectados, encontre o modo de dar o paso para incorporarse ao noso idioma).

En fin, e para rematar definitivamente: espero que estas notas poidan contribuír a un necesario debate sobre as medidas a adoptar para a xeneralización do noso idioma nas aulas, evitando na medida do posible unha “guerra idiomática” nos claustros que pode acabar tendo un efecto *boomerang*. Non nos interesa que a defensa do galego poida ser interpretada por parte do profesorado como algo que se apoia só na coerción, aceptando así implicitamente a idea, que algúns queren difundir, de que esta defensa só é un obxectivo dun sector minoritario da cidadanía galega que se quere impoñer contra a vontade da maioría.

MIGUEL VÁZQUEZ FREIRE  
Santiago, 1 de novembro de 2004